

## **TEMA 4 – O NOSO PLANETA(1ª parte)**

1. Como se chama e que lugar ocupa no Sistema Solar?
2. Que partes observamos se o vemos dende o espazo?
3. Está quieto ou móvese?
4. Canto tempo tarda en cada un deses movementos?
5. Por que, cada 4 anos, o mes de febreiro ten un día máis.
6. Que nome reciben eses anos que teñen un día máis?
7. Por que é imprescindible o Sol para a vida na Terra?
8. Que tipo de astro é o Sol?
9. As demais estrelas so as vemos brillar de noite. Por que?
10. Que tipos de satélites coñeces?
11. Por que non vemos sempre a Lúa coa mesma forma?

### **(Debuxo das fases da Lúa)**

12. Canto tempo tarda a Lúa en dar unha volta arredor da Terra?
13. Os puntos cardinais axúdannos a orientarnos. Escribe, á beira, o significado de cada un  

<b>L/E</b>	<b>NE</b>
<b>O</b>	<b>NO</b>
<b>N</b>	<b>SE</b>
<b>S</b>	<b>SO</b>


### **(debuxo)**

13. É lisa a superficie da Lúa?
14. Que son e como se forman os cráteres?

15. Completa esta táboa

FENÓMENOS QUE PRODUCEN OS MOVEMENTOS DA TERRA	
MOVEMENTOS	FENÓMENOS
<b>Rotación</b>	
<b>Translación</b>	

16. Que forma ten a órbita que recorre o noso planeta arredor do Sol?



Traza o eixe maior e o eixe menor.  
Que sinalan os puntos dos extremos deses eixes?

17. Que son os equinoccios?

18. Que son os solsticios?

19. Escribe, á beira de cada definición, o vocábulo correspondente: eclipse de Lúa, cuarto minguante, noroeste, rotación, translación, eclipse de Sol, Lúa chea, equinoccio de primavera, telescopio, cráter lunar, solsticio de inverno, husos horarios

- Burato que hai na superficie da Lúa
- Fase da lúa en que só vemos un cuarto da súa superficie e nos días seguintes aínda veremos menos trozo
- Aparello que axuda a que poidamos observar os astros máis cerca
- Fase da Lúa en que a vemos enteira

- Punto cardinal que nos sitúa entre o Norte e o Oeste
- Movemento da Terra cando xira sobre sí mesma
- Sucede o 21 de marzo, o día dura o mesmo ca noite
- Fase da Lúa en que só vemos un cuarto da súa superficie e, pouco a pouco iremos vendo máis trozo ata vela enteira
- A Lúa ponse no medio do Sol e da Terra e non deixa pasar os raios de sol
- Movemento da Terra arredor do Sol
- A Terra ponse entre o Sol e a Lúa e non deixa que os raios de sol cheguen á lúa.
- Son as 24 zonas nas que dividimos a superficie do noso planeta

20. Explica a causa de que os países teñen horarios distintos.

21. Escribe a palabra **rotación** ou **translación** segundo corresponda:

- 24 horas :
- xiro ao redor do sol :
- días e noites :
- estacións do ano :
- 365 días :
- xiro sobre o eixe da Terra :
- correntes mariñas
- equinoccios e solsticios
- desviación dos ventos
- distinta duración dos días e noites ao longo do ano

22. Escribe a palabra ou palabras correspondentes a cada definición

- Liña imaxinaria que divide, horizontalmente, ao noso planeta en dúas metades –
- Liña imaxinaria que divide, verticalmente, ao planeta Terra en dúas metades –
- Liña imaxinaria que atravesa á Terra de Norte a Sur, pasando polo centro –
- Cada unha das metades en que divide a liña do Ecuador á Terra –
- Localidade(país) pola que pasa o chamado meridiano cero –
- Meridiano coñecido situado ao Norte do Ecuador –
- Meridiano coñecido situado ao Sur do Ecuador –
- Meridianos situados cerca dos polos –
- Cada unha das 24 zonas que quedan entre os paralelos –

